

Folla de divulgación

Actos por videoconferencia

Participación nos actos xudiciais a través de videoconferencia das persoas localizadas en residencias e centros de maiores

As persoas que residen en residencias e centros de maiores de Galicia, que se atopan baixo tutela e/ou responsabilidade dunha entidade pública ou privada, poden participar en comparecencias e revisións, nos órganos xudiciais a través de videoconferencia sen necesidade de trasladarse fisicamente ao xulgado.

Comunicación polo órgano

O **órgano convocante enviará** na notificación de sinalamento os datos e a **ligazón de videoconferencia**. Nalgúns casos vai recibir o número e o contrasinal que ten que utilizar no acceso, ou a petición de rexistro para participar nela.

Medios necesarios para a conexión

Para participar de forma correcta é imprescindible ter:

- **Ordenador:** sexa PC ou portátil con Windows 10 e versións actualizadas do navegador **Microsoft Edge, Google Chrome ou Mozilla Firefox**.
- **Webcam, micrófono e altofalantes.** Recoméndase o uso de auriculares con micrófono para evitar ruídos e escoitar ben.
- Boa **conexión a internet:** tipo cable ou fibra, descartando o uso da Wifi. Pódense empregar liñas móbiles 4G e 5G con boa cobertura.

Necesidades especiais

Valore as **necesidades de audición e visión**.

- **No caso de ter que usar un móbil ou tableta,** que teñan pantalla grande. Empregue modelos actualizados.
- Procure que o **espazo** no que vai establecer a conexión permita a privacidade e o illamento do ruído e das interrupcións.

Acceso á reunión

Para acceder, **prema na ligazón** (ou corte e pegue no navegador). Se é a primeira vez que entra en Cisco Webex, é posible que o navegador solicite permisos para poder acceder ao micro e cámara web do dispositivo. Acepte a solicitude e faga a proba para verificar o vídeo e son.

Acompañamento e identificación

Será o funcionario público ou traballador designado, quen comprobe a identificación da persoa que foi citada para participar no acto ao comezo do mesmo. É importante que acompañe ao partícipe da residencia ou centro durante todo o acto para facilitar o desenvolvemento do mesmo.

Axuda e soporte

O sistema a utilizar é Cisco Webex. Para acadar unha boa experiencia no momento previo ou durante a celebración da videoconferencia nas actuacións xudiciais telemáticas, está dispoñible a [páxina de axuda en Xustiza.gal](#) coa [guía de uso detallado](#) do sistema web de videoconferencia Cisco Webex.

Folla de divulgación

Actos por videoconferencia

Boas prácticas e recomendacións durante a videoconferencia:



1. Previamente ao día da celebración **asegúrese** de que ten a ligazón necesaria para acceder. Se non dispón dunha ligazón para conectarse á videoconferencia, solicítela ao órgano.



2. Copie no navegador web a ligazón que lle enviaron na citación, para probar que funciona. Acceda mediante un dos navegadores recomendados (**Google Chrome, Mozilla Firefox ou Microsoft Edge**). Utilice estes navegadores independentemente do dispositivo desde o que se conecte.



3. Rexístrese anticipadamente: nalgúns casos para acceder ao acto o xulgado solicita un rexistro previo. Ao entrar na ligazón web enviada, pedíralle que inclúa os seus datos. Convén que realice este rexistro con antelación e que non agarde ao día de celebración.



4. Comprobe que a conexión a internet funciona correctamente: As chamadas de videoconferencia necesitan de boa conexión. Empregue preferiblemente a conexión por cable, moito máis rápida e fiable que a Wifi ou os datos móbiles. Se vai utilizar unha rede móbil, comprobe cobertura e mantéñase no mesmo lugar durante toda a videoconferencia.



5. Ao entrar na videoconferencia faga as comprobacións de funcionamento da cámara, dos altosfalantes e do micrófono. Asegúrese de que lle poden ver e oír, e de que escoita e ve correctamente. Moitos dispositivos entran por defecto nas videoconferencia coa cámara, ou o micrófono desactivados. Comprobe que pode actualos con normalidade.



6. Mantéñase dentro da sala de espera. Nalgúns casos, deberá agardar na antesala virtual antes de ter acceso á sala principal. Sexa paciente, evite saír e entrar da mesma. Se o tempo na sala de espera se demora máis do habitual e non sabe se se debe a un atraso ou a unha incidencia, contacte co órgano.



7. Unha vez dentro, coloque a pantalla de xeito que a cámara lle enfoque correctamente, situándose nun primeiro plano e tomando como referencia os ombreiros. Evite estar diante ou á beira dunha xanela, xa que pode xerar 'efecto contraluz'. Recomendamos, se é un dispositivo móbil, mantelo horizontal e nun soporte cara á fronte.



8. Utilice auriculares con micrófono para poder escoitar mellor e con claridade. O uso dos auriculares con micrófono permite que se escoite mellor a voz do falante, sen ecos ou interferencias. Asegúrese de que as persoas participantes poden escoitalle antes de iniciar a súa intervención e fale cun ton de voz firme e pausado.



9. Desactive o micrófono cando non sexa a súa quenda de palabra, evitará ao resto a escoitar sons de fondo ou ruídos como o do teclado.



10. Lembre que a súa imaxe aparece durante todo o acto, non só durante o tempo que dure a súa intervención. Se realiza outras actividades no dispositivo, chamadas ou atende ás mensaxes, pode perder a conexión e saír sen desexalo da videoconferencia, interferir na escoita ou compartir información non desexada.